



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO NÚM. 2 DO 25 DE XANEIRO DE 2024

Exp. núm.: 2024/G010/000002

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación da acta anterior núm. 14 do pleno ordinario do 30 de novembro de 2023

SEGUNDO. Mocións:

- a) **Moción presentada por Muros Centrado sobre a curva de Cacheloras (Exp. núm.: 2024/X998/000015)**
- b) **Moción presentada por Muros Centrado sobre a regulación de vehículos (Exp. núm.: 2024/X998/000015)**
- c) **Moción presentada por Muros Centrado para a creación dun centro de atención a persoas maiores (Exp. núm.: 2024/X998/000015)**



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

B. MOCIÓN DE URXENCIA

C. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

TERCEIRO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1041/2023 do 1 de novembro de 2023 ata o núm. 1/2024 do 31 de decembro de 2023, e das XGL núm. 20 do 15 de novembro de 2023, da núm. 21 do 29 novembro de 2023, da núm. 22 do 13 decembro de 2023 e da núm. 23 do 27 decembro de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

CUARTO. Rogos e preguntas



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación da acta anterior núm. 14 do pleno ordinario do 30 de novembro de 2023

A señora alcaldesa, Da. María Lago Lestón, sinala que advirten un erro na hora de remate da sesión plenaria, que serían as 23.00 h e non as 24.00 h, e logo pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 14 do pleno ordinario do 30 de novembro de 2023.

A Sra. Monteagudo indica que non aparece na acta que preguntaron con que medios se fixo o izado da bandeira no parque de Muros, a alcaldesa responde que se engadirá na acta.

E cos votos a favor do grupo municipal popular (5), grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3); e coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1), queda aprobada a acta do sesión plenaria ordinaria núm. 14 do pleno ordinario do 30 de novembro de 2023.

SEGUNDO. Mocións:

a) Moción presentada por Muros Centrado sobre a curva de Cacerolas (Exp. núm.: 2024/X998/000015)

Intervén a alcaldesa que indica que queren engadir unha emenda: *“Solicitar da Xunta de Galicia a realización dun estudo de viabilidade para o endereitamento da curva das Cacerolas, situada na estrada AC550, treito Cee-Noia, no punto quilométrico 40+050.”*

A señora alcaldesa pregunta ao señor concelleiro, o Sr. Lago, se lle parece ben, este sinala que está de acordo e a señora alcaldesa dálle paso a súa intervención para que explique a moción. O Sr. Lago sinala que a curva está situada na estrada C550, apenas a 2 km da vila dirección a Louro e si acepta a emenda.

“Exposición de Motivos:

Considerando a importancia da seguridade viaria e o benestar dos cidadáns, e recoñecendo a existencia de situacións de risco na coñecida como curva de Cacerolas, na C-550, en Muros, e observando a necesidade de abordar estas situacións mediante a realización de obras de endereitamento que melloren a infraestrutura viaria e reduzan o risco de accidentes na dita curva, na que xa se viñeron accidentes mortais, veño en formular ao Pleno da Corporación Municipal de Muros, as seguintes

Propostas:

Polo tanto, preséntanse as seguintes propostas para a moción instando á Xunta de Galicia na realización da obra de endereitamento da curva de Cacerolas en Muros:

- 1. Estudio de Viabilidade: Solicitar á Xunta de Galicia que realice un estudo de viabilidade para avaliar a necesidade e viabilidade técnica do endereitamento da curva de Cacerolas en Muros.*
- 2. Deseño de Proxecto: Instar á Xunta de Galicia a deseñar un proxecto detallado que inclúa as modificacións necesarias para enderezar a curva, tendo en conta os estándares de seguridade vial.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

3. *Asignación de recursos: Solicitar a asignación de recursos económicos e técnicos necesarios para levar a cabo a obra de endereitamento da curva.*
4. *Prazos e Cronograma: Establecer prazos claros e un cronograma de execución para a realización da obra, asegurando que se leve a cabo no menor tempo posible.*
5. *Información á Comunidade: Garantir a transparencia e a información constante á comunidade sobre os avances do proxecto e os beneficios esperados para a seguridade vial.*

Por iso propoño ao Pleno do Concello de Muros, aprrobe, se procede, o seguinte:

Solicitar da Xunta de Galicia a realización dun estudo de viabilidade para o endereitamento da curva de Cacerolas.

1. *Instar á Xunta de Galicia a deseñar un proxecto detallado para a obra de endereitamento.*
2. *Solicitar a asignación de recursos económicos e técnicos necesarios para a execución da obra.*
3. *Estableza prazos e un cronograma para a realización da obra.*
4. *Garante a información constante á comunidade sobre os avances do proxecto.*

Instase á colaboración estreita coa Xunta de Galicia para asegurar a implementación efectiva e exitosa desta obra de mellora viaria en beneficio da seguridade dos habitantes de Muros, e de todos cantos condutores tamén utilicen esta vía.”

A Sra. Monteagudo di que xa fixeran xestións con respecto a esa curva, están de acordo coa proposta pero son conscientes que é complicado.

A Sra. González está totalmente de acordo que é unha curva perigosa.

A señora alcaldesa tamén sinala que están totalmente de acordo coa moción.

A Sra. Monteagudo sinala que sería moito máis fácil se se respectasen as competencias.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3), e do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar da Xunta de Galicia a realización dun estudo de viabilidade para o endereitamento da curva das Cacerolas, situada na estrada AC550, treito Cee-Noia, no punto quilométrico 40+050.

1. Instar á Xunta de Galicia a deseñar un proxecto detallado para a obra de endereitamento.
2. Solicitar a asignación de recursos económicos e técnicos necesarios para a execución da obra.
3. Estableza prazos e un cronograma para a realización da obra.
4. Garante a información constante á comunidade sobre os avances do proxecto.

b) Moción presentada por Muros Centrado sobre a regulación de vehículos (Exp. núm.: 2024/X998/000015)

Intervén a alcaldesa que dá paso ao Sr. Lago Álvarez para que explique a súa moción:

“Exposición de Motivos:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Considerando a importancia de garantir unha xestión eficiente e segura do espazo público, e recoñecendo a necesidade de regulación do aparcamento de vehículos no Paseo Marítimo de Muros, e observando a conveniencia de contar con competencias específicas por parte do Concello de Muros para abordar de maneira efectiva a regulación do aparcamento nesta zona, veño en presentar as seguintes propostas para a moción solicitando á Xunta de Galicia a delegación de competencias no Paseo Marítimo de Muros con fins de regulación do aparcamento de vehículos, nos espazos que en zona de roxo, se propoñen na ortofoto adxunta.

Propostas:

- 5. Solicitud de Delegación de Competencias: Formular unha solicitude formal á Xunta de Galicia para a delegación de competencias en materia de regulación do aparcadoiro de vehículos no Paseo Marítimo de Muros.*
- 6. Argumentación Técnica e Xustificación: Proporcionar unha argumentación técnica e xustificación sólida que respalde a necesidade da delegación de competencias, destacando a importancia dunha xestión eficiente e segura do espazo público.*
- 7. Colaboración coa Xunta: Expresar a disposición do Concello de Muros para colaborar estreitamente coa Xunta de Galicia na elaboración e aplicación de medidas específicas para a regulación do aparcamento.*
- 8. Participación Cidadá: Involucrar á comunidade no proceso, recollendo opinións e suxestións sobre as medidas de regulación do aparcamento no Paseo Marítimo.*
- 9. Compromiso coa Seguridade Viaria e Peonil: Subliñar o compromiso do Concello e a Xunta de Galicia coa seguridade viaria e peonil, destacando como a regulación do aparcamento contribuirá a este obxectivo.*

Que o Pleno do Concello de Muros, acorde, si procede, o seguinte:

- 1. Formular unha solicitude formal á Xunta de Galicia para a delegación de competencias na regulación do aparcadoiro no Paseo Marítimo.*
- 2. Proporcionar unha argumentación técnica e xustificación que respalde a necesidade da delegación de competencias.*
- 3. Expresar a disposición para colaborar coa Xunta na elaboración e aplicación de medidas específicas.*
- 4. Involucre a comunidade no proceso de regulación do aparcamento mediante a recollida de opinións e suxestións.*
- 5. Subliñar o compromiso coa seguridade viaria e peonil como parte integral da regulación do aparcadoiro.*
- 6. Instar á colaboración estreita coa Xunta de Galicia para garantir unha xestión efectiva e consensuada do aparcadoiro no Paseo Marítimo de Muros.*

O Sr. Lago expón a necesidade de que o Concello de Muros solicite á Xunta de Galicia a delegación de competencias para regular o estacionamento de vehículos no paseo marítimo. Actualmente, o concello carece de autoridade para sancionar infraccións de tráfico nesa zona, o que dificulta a aplicación de medidas como reservas de espazo para servizos esenciais. A proposta non pretende interferir nas competencias portuarias da Xunta, só busca a delegación necesaria para regular o tráfico no paseo marítimo, garantindo así a seguridade viaria. Fala do recente pintado das áreas de estacionamento no paseo marítimo, que se considera unha medida positiva pero incompleta. Aínda que se identificaron lugares onde estacionar, existen problemas como o espazo limitado para motocicletas. Solicita que se teña en conta esta situación e se permita unha regulación axeitada do estacionamento, sen interferir nas competencias portuarias da Xunta de Galicia.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo di que no 2017, cando se aprobou o plan de usos do porto, gobernado no concello unha escisión do BNG, o seu grupo na oposición instaron ao goberno local a presentar alegacións ao plan debido á percepción de que non se tiñan en conta todos os intereses do concello. Aínda que non están seguros se isto se chegou a facer, o noso goberno, conseguiu que Portos modificara parte do plan para permitir actividades complementarias na parte traseira da lonxa, especialmente no espazo onde se atopaba o Castelo Rock, que tiña dificultades para obter permisos. Isto facilitou a realización doutras actividades na área. Ademais, reserváronse espazos para furgonetas e mercados ao aire libre. Consideran que a vía adecuada non é solicitar unha delegación de competencias, xa que non cren que sexa necesario.

A Sra. González explica que non ven necesario a delegación de competencias en materia de estacionamento, xa que non cren que sexa adecuado. Consideran que o espazo destinado ao estacionamento de vehículos debe ser utilizado exclusivamente para ese fin, sen interferencias doutras institucións. Cren que a superposición de competencias entre diferentes institucións só crearía máis conflito. Tamén sinala que, de feito, hai reservas de espazos de estacionamento para diferentes fins, como para xuíces e para persoas con discapacidade, e que non houbo problemas con Portos para facer uso dese espazo cando o concello o necesitou. Conclúe dicindo que non ven necesario solicitar unha delegación de competencias neste asunto. En relación ao argumento exposto polo partido popular, responde sinalando que, durante os catro anos de goberno anterior do partido popular, non se conseguiu ningún cambio significativo nin se asinou ningún convenio con Portos.

A señora alcaldesa argumenta que non apoian a delegación de competencias porque consideran que o porto ten un uso principalmente portuario que debe respectarse, asegurando ao mesmo tempo os intereses das súas persoas usuarias. Subliña a importancia da comunicación fluída con Portos para abordar as necesidades de espazo, como o estacionamento de motocicletas e a ampliación de prazas para persoas con mobilidade reducida. Defenden a vía do diálogo e a comunicación co Porto en lugar de buscar a delegación de competencias, argumentando que regular algo que non é da súa competencia pode xerar conflitos. Ademais explica que non tiveron problemas para obter autorización ao tramitar as solicitudes pertinentes a través das canles adecuadas, aínda que isto requira tempo. En canto ao comentario do partido popular sobre o convenio, concordan en que os usos do porto deben estar regulados mediante convenios tanto en Muros como en Esteiro. Reuníronse coa directora de zona de Portos de Galicia para solicitar un convenio, especialmente en Esteiro, onde hai cuestións de saneamento que atravesan zonas portuarias. Afirma que están agardando o borrador do convenio para poder revisalo.

O Sr. Lago di que, finalmente, foi aprobado un plan de usos portuarios. Enviou un escrito ao concello solicitando información sobre os usos portuarios, pero non recibiu resposta. No momento, non están a pedir a delegación de competencias nin a asinar un convenio con Portos. Indica que non está de acordo coa portavoz do grupo socialista, que se dedica ao tema do estacionamento, e que non cre que solicitar a delegación de competencias ou asinar un convenio xere conflitos. Contrariamente, di que si houbo problemas no pasado, especialmente no verán, cando vehículos grandes como caravanas ocupaban moito espazo na zona portuaria. Explica que está solicitando unha delegación de competencias ou a sinatura dun convenio para que o concello e a súa policía local poidan regular o tráfico na zona de estacionamento. Considera que non é algo estraño solicitar axuda á Xunta de Galicia, especificamente a Portos, para negociar un acordo que beneficie á veciñanza. Sinala que, a pesar das competencias que Portos de Galicia posúa, é o concello, como órgano soberano, quen debe gobernar en Muros. Responde á portavoz do partido popular, cuestionando o cambio na súa posición sobre o asunto. Sinala que está a presentar e continuará a presentar mocións porque consideran que ten a capacidade e o deber de falar en nome do seu concello. Critica á señora alcaldesa por non solicitar a delegación de competencias, a pesar das razóns previamente expostas. Remata resaltando que, a pesar das diferenzas, están dispostos a dialogar e a traballar en solucións, pero tamén subliña a necesidade de ser firmes na súa postura para lograr os seus obxectivos. Comenta que non debería haber problema en iniciar unha conversa con Portos de Galicia sobre o asunto. Fala do mercado que se celebra os martes e venres en terreos que pertencen a Portos de Galicia. Destaca que, segundo a referencia que teñen, dous terzos dos terreos son de competencia de Portos de Galicia. Cuestiona por que o concello de Muros poida cobrar polos postos do mercado se non teñen autorización para ocupar esa zona. Conclúe dicindo que a proposta non é nada rara, simplemente busca negociar con Portos de Galicia para obter delegación de competencias en canto ao tráfico e ao uso da zona.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo di que durante o seu goberno o concello asinou dous convenios con Portos, incluso durante a pandemia, facendo referencia ao convenio sobre as zonas de pesca no porto de Muros e ao saneamento no porto de Esteiro. Considera que non están a ter malos resultados en xeral, pero insisten en que é importante falar con Portos para clarificar os usos e as responsabilidades de cada administración. Suxiren a posibilidade de negociar un convenio máis amplo.

A alcaldesa sinala tamén que hai unha autoridade portuaria que regula o que ocorre na zona portuaria, e non é competencia da policía local do concello. Reflexionan sobre a complexidade da situación, onde Portos funciona coas súas propias competencias e autoridades, o que ás veces dificulta o goberno municipal. Explica que no concello teñen que cobrar taxas para obter ingresos que lles permita levar a cabo os seus proxectos e responsabilidades. Di que isto inclúe cobrar por servizos como os vaos ou o aluguer de espazos para o mercado, así como recibir axudas doutras administracións. Sinala que, ás veces, atopan obstáculos para cobrar estas taxas, o que dificulta o financiamento das actividades do concello.

O Sr. Lago expresa o seu descontento coa forma en que se están a xestionar esta cuestión, e sinala que non lle achegan ningunha solución.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1); coa abstención do grupo municipal popular (5) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3), rexeita a moción.

c) Moción presentada por Muros Centrado para a creación dun centro de atención a persoas maiores (Exp. núm.: 2024/X998/000015)

Intervén a alcaldesa dá paso ao Sr. Lago Álvarez que explica a moción que se transcribe a continuación:

“Exposición de Motivos:

Considerando o avellantamento da poboación en Muros e a crecente necesidade de contar con instalacións adecuadas para a atención e coidado das persoas maiores, e observando a importancia de proporcionar servizos de calidade que promovan o benestar, a saúde e a inclusión da poboación maior na comunidade, veño en propor ao Pleno do concello de Muros as seguintes propostas para a moción de solicitude á Xunta de Galicia para crear un centro de atención a persoas maiores en Muros:

- 1. Xustificación da necesidade: Presentar unha xustificación clara e detallada sobre a necesidade dun centro de atención a persoas maiores en Muros, incluíndo datos demográficos e estatísticas que respalden a solicitude.*
- 2. Situación e capacidades do centro: Propoñer posibles situacións para o centro e especificar as capacidades que se esperan, tendo en conta as necesidades actuais e proxectadas da poboación maior.*
- 3. Servizos Ofrecidos: Definilos servizos que se ofrecerán no centro, como atención médica, actividades recreativas, terapias, servizos de alimentación e calquera outro servizo que contribúa ó benestar das persoas maiores.*
- 4. Recursos Financeiros: Suxerir fontes de financiamento para a construción e operación do centro, xa sexa a través de fondos gobernamentais, doazóns, colaboracións público-privadas ou outras fontes pertinentes.*
- 5. Compromiso do Concello: Comprometer ao Concello de Muros a colaborar activamente na planificación, promoción e coordinación do proxecto, así como a proporcionar apoio loxístico e recursos municipais.*

Resólvese que o Concello de Muros:

- 1. Solicite á Xunta de Galicia a creación dun centro de atención a persoas maiores no concello, respaldando a solicitude con datos demográficos e estatísticas relevantes.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

2. *Propoña posibles situacións e capacidades do centro, considerando as necesidades actuais e proxectadas da poboación maior.*
3. *Defina os servizos que se ofrecerán no centro para promover o benestar das persoas maiores.*
4. *Suxira fontes de financiamento para a construción e operación do centro.*
5. *Comprometa ao Concello que se vai colaborar activamente na planificación, promoción e coordinación do proxecto, proporcionando apoio loxístico e recursos municipais.*

Esta moción ten como obxectivo abordar a necesidade crecente de atención a persoas maiores en Muros, solicitando a creación dun centro especializado.”

O Sr. Lago di que aproximadamente o 30% da poboación de Muros ten máis de 65 anos e propón que a Xunta de Galicia se encargue da creación dun centro, que xa no ano 2013-2014 se intentou crear un centro de día, pero actualmente é insuficiente. Suxire que o centro se chame como se chame, pero que se cree un espazo adecuado para atender ás persoas maiores.

A Sra. Monteagudo di que xa existe un centro de día e un centro socio comunitario, pero están dispostos a apoiar un estudo de viabilidade para crear un centro residencial se é necesario.

A Sra. González está de acordo na necesidade dun centro para persoas maiores, xa sexa unha residencia ou calquera outro tipo de centro, e suxire que se faga a nivel comarcal se é necesario. Finalmente, afirma que a creación dun centro de atención a persoas maiores é unha prioridade e espera que se poida lograr nun futuro próximo.

A señora alcaldesa di que é positivo e necesario para as persoas maiores, sobre todo unha residencia. Considera xustificada e evidente a súa necesidade. Tamén lle parece acertado facer esta petición á Xunta, xa que é competencia deles. Di que nos anos en que o Partido Popular gobernou en Galicia non se crearon residencias para maiores, o que considera unha omisión.

O Sr. Lago fala sobre a necesidade de crear un centro de atención a persoas maiores, especificamente unha residencia. E di que gobernar non é só asinar decretos e resolucións.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por unanimidade o seguinte acordo:

1. Solicite á Xunta de Galicia a creación dun centro de atención a persoas maiores no concello, respaldando a solicitude con datos demográficos e estatísticas relevantes.
2. Propoña posibles situacións e capacidades do centro, considerando as necesidades actuais e proxectadas da poboación maior.
3. Defina os servizos que se ofrecerán no centro para promover o benestar das persoas maiores.
4. Suxira fontes de financiamento para a construción e operación do centro.
5. Comprometa ao Concello que se vai colaborar activamente na planificación, promoción e coordinación do proxecto, proporcionando apoio loxístico e recursos municipais.

B. MOCIÓN DE URXENCIA

a) Moción de urxencia presentada polo Partido Popular de apoio a AC Carrilanas de Esteiro



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo xustifica a urxencia dicindo que o ano pasado as Carrilanas de Esteiro estiveron presentes en FITUR a través da Axencia de Turismo de Galicia nun evento destinado especificamente a festas de interese turístico. Sinala que se fixeron eco do conflito entre a corporación e asociación de carrilanas e que isto se evitaría se houbera máis diálogo.

A señora alcaldesa dá paso á votación da urxencia, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por unanimidade a urxencia da moción.

A Sra. Monteagudo explica que esta fin de semana se vai celebrar FITUR, un evento internacional de turismo, e espera que as representantes do concello, incluíndo a alcaldesa, e a tenente alcaldesa e concelleira de turismo e cultura, asistan. Afirmo que as carrilanas foron recoñecidas en 2021 como unha festa de interese turístico nacional, e cita unha frase do secretario de estado de turismo, Fernando Valdés, que eloxia esta festividade. O recoñecemento foi solicitado polo Concello de Muros, e agradece o traballo da asociación cultural Carrilanas de Esteiro e da veciñanza de Esteiro por facer posible esta festividade. Indica que a xunta directiva da asociación expresou o seu malestar polo que consideran un conflito de intereses entre a asociación e o goberno municipal, sen desbotar que no 2024 se suspenda este evento, polo que solicitan o seguinte do pleno da corporación:

"MOCIÓN DE URXENCIA QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE MUROS

De acordo co establecido no art. 91.4 do ROF, o Grupo Popular Municipal do Concello de Muros presenta ao pleno para o seu debate a seguinte moción:

Esta fin de semana celébrase en Madrid a Feira Internacional de Turismo, a que acudirán en representación do Concello de Muros a señora alcaldesa e a señora tenente- alcalde e concelleira de Cultura e Turismo.

A Baixada de Carrilanas de Esteiro foi recoñecida no ano 2021 como festa de interese turístico nacional. "Los autos locos gallegos representan en la actualidad una fiesta totalmente consolidada cuyo valor cultural, significado y alcance como atractivo turístico, unido a su originalidad, la hacen merecedora de este reconocimiento", valorou o secretario de Estado Fernando Valdés.

Este recoñecemento, solicitado polo Concello de Muros que presidía a nosa actual portavoz, poñía en valor o traballo de todos os integrantes da Asociación Cultural Carrilanas de Esteiro ao longo do tempo, de toda veciña de Esteiro ou outra forma colaboran e fan posible esta festa, e por extensión de todo o que dunha concello de Muros.

Este ano a actual xunta directiva da AC Carrilanas de Esteiro puxo de manifesto o seu malestar polo que consideran un grave conflito de intereses entre a súa asociación e o goberno municipal, sen desbotar a posibilidade de que no ano 2024, no que se cumpre o 35 aniversario da Baixada de Carrilanas, se suspenda este evento.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Declarar o apoio do Pleno da Corporación a AC Carrilanas de Esteiro, así como ao resto de asociacións culturais que organizan eventos no noso concello.*
- 2. Que o concello de Muros preste apoio económico e loxístico aos festivais musicais Festival das Carrilanas e Festival Castelo Rock, polo menos como se lle viña prestando ata o de agora.*
- 3. Solicitar da señora alcaldesa do Concello de Muros a intermediación entre a AC Carrilanas de Esteiro e o resto de membros do goberno municipal, co obxectivo de que se celebre a festa no ano 2024.*
- 4. Promocionar a Baixada de Carrilanas en FITUR, como evento turístico nacional recoñecido."*

A Sra. González sinala que teñen unha emenda de adición que sería como segue: "...e tamén promocionar todas as nosas festas populares do noso concello e asociacións culturais, ademais da hostalería.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo di que non teñen problema coa emenda.

A Sra. González di que a señora alcaldesa si tivo conversas coas Carrilanas e coas demais asociacións, e que o stand de *Tour Galicia* non vai promocionar ás Carrilanas.

O Sr. Lago sinala que con esta moción o que busca a portavoz do Partido Popular é debater outro tema e non ten moito máis que dicir.

A señora alcaldesa afirma que o grupo de goberno xa fixo público o apoio ás Carrilanas e que non teñen ningún problema en votar a favor da moción e que está disposta a promover a baixada de carrilanas en FITUR.

A Sra. Monteagudo di que en canto ás insinuación do Sr. Lago teñen claro que hai que dialogar.

Rematadas ás intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), queda aproba por unanimidade a seguinte moción:

1. O apoio á asociación cultural Carrilanas de Esteiro así como ao resto de asociacións culturais que organizan eventos no concello.
2. O apoio económico e loxístico aos festivais das Carrilanas e ao festival Castelo Rock, polo menos como se viña prestando ata o momento.
3. Solicitar a intermediación da señora alcaldesa do Concello de Muros entre a asociación Carrilanas de Esteiro e os demais membros do goberno municipal co obxectivo que se celebre a festa no 2024 e promocionar a baixada de carrilanas en FITUR como un evento turístico nacional e tamén promocionar todas as nosas festas populares do noso concello e asociacións culturais, ademais da hostalería.

C. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

TERCEIRO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1041/2023 do 1 de novembro de 2023 ata o núm. 1/2024 do 31 de decembro de 2023, e das XGL núm. 20 do 15 de novembro de 2023, da núm. 21 do 29 novembro de 2023, da núm. 22 do 13 decembro de 2023 e da núm. 23 do 27 decembro de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

A Sra. Monteagudo di que faltan os decretos 1150 e o 1230, ao que a señora alcaldesa responde que se lle enviarán.

CUARTO. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas do pleno anterior do Partido Popular:

A señora alcaldesa sinala que quedaron dúas preguntas do Partido Popular sobre a mesa, unha é sobre a bandeira galega colocada nos xardíns do parque da avenida Castelao, á cal responde que foi xestionada e financiada polo Concello de Muros.

Preguntaron sobre a campaña de Muros Consciente, e a señora alcaldesa entrégalle a memoria xustificativa da campaña cos gastos As empresas son a maior parte do concello de Muros e facturaron en total a cantidade de 11.200 euros. A repercusión que tivo é o equivalente a 72.176 euros. Nela participaron a totalidade das asociacións de Louro e Esteiro, mais en Muros e en Serres non foi tan alta a participación.

Rogos e preguntas para este pleno do Partido Popular:

A Sra. Monteagudo roga que se lle envíe o convenio asinado coa Universidade de Santiago por asistencia técnico xurídica en materia administrativa, así como os informes da Secretaría e Intervención sobre o



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

expediente que valide ou custodie as facturas relacionadas co convenio. Tamén require saber cantos informes ten o concello en relación con ese convenio ou contrato, e solicita unha copia.

Solicita o contrato ou convenio que se asinou co barco Toconao; e a señora alcaldesa responde que chegaron a un acordo verbal e non asinaron ningún convenio, que o representante legal da aseguradora do barco mandou a unha empresa a limpar pois indicóuselle que o Concello necesitaba medios.

A Sra. Monteagudo roga que miren pola zona da Anido que a rampla está en moi mal estado e que se inicien as obras de asfaltado.

Queren saber se se fixo algunha modificación no proxecto dos camiños en Solleiros; e a alcaldesa responde que non se fixo modificación e que se volveu a sacar a licitación, pero seguramente o haxa que modificar, e fala da dinámica problemática relacionada cos fondos destinados a unha obra específica, posto que, neste caso, ningunha empresa se presentou para realizar a obra debido a que a súa valoración é considerablemente máis alta do agardado. Este problema de discrepancia entre o custo previsto e a realidade, é común, o que xera un período de tempo prolongado entre a elaboración dos proxectos, a súa presentación, aprobación e financiamento.

A Sra. Monteagudo di que queren saber canta financiación recibiu a nova agrupación de voluntarios de Protección Civil no ano 2023 dende que están no goberno. Tamén se a proposta de regulamento da agrupación de voluntarios de Protección Civil, que está en consulta pública, foi consensuada con ese colectivo.

Responde a Sra. Maneiro que si foi consensuado.

Pregunta por que hai dúas facturas a maiores no proxecto de colocación das caldeiras de biomasa no local do club de remo e na piscina; e a señora alcaldesa afirma que ten que miralo.

Pregunta por unha factura co concepto "*Misión solidaria ao Sáhara*" por importe de 750 euros; e a señora alcaldesa di que foi o concelleiro ao Sáhara.

Pregunta por dúas adxudicacións exactamente iguais en dous decretos distintos, e supoñen que será un erro, e a señora alcaldesa responde que se revisará.

A Sra. Monteagudo pregunta de quen son os dous móbiles comprados; e a señora alcaldesa di que un é o que utiliza ela e a concelleira de Obras.

Queren saber quen son os titulares das contas bancarias aos que se lle ingresou a asignación aos partidos políticos; e a señora alcaldesa di que ten que revisar.

Rogos e pregunta para este pleno de Muros Centrado:

O Sr. Lago roga que se permita intervir ao final da sesión plenaria ao público.

Pregunta sobre un desacordo cos números presentados na memoria da campaña Muros Consumo Consciente e uns decretos que aproban o pagamento de facturas deste proxecto; e a señora alcaldesa responde que na memoria explicativa non se especificou por facturas.

O Sr. Lago pregunta pola normativa propia para que a Alcaldía levante os reparos da Intervención municipal.

Pregunta respecto ao decreto 1172/2023 referido ao servizo de ambulancias, de que é; e a señora alcaldesa sinala que é o pagamento da ambulancia de eventos deportivos.

Pregunta sobre o decreto 1210/2023 no que di que a Consellería de Emprego sanciona ao concello; e a señora alcaldesa responde que é sobre o desprazamento das traballadoras do SAF, xa que o desprazamento foi incluído no complemento específico e a quilometraxe non ten retención do IRPF.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Pregunta polo decreto 1195/2023 dunha factura da Universidade de Santiago de Compostela; e a señora alcaldesa responde que é a que se corresponden coa asesoría xurídica.

Sinala que na comisión informativa entregáronlle un informe da asesoría xurídica, e pide que se lle dea conta de maneira expresa, e que non incluír todas as súas mocións é un atentado contra os dereitos fundamentais e quere que se lle traslade a quen asinou o informe.

Pregunta polas liquidacións do GES, por que se tardan en resolver tantos meses. E di que o GES o que necesita é persoal administrativo para resolver estes temas. A señora alcaldesa responde que non había quen fixera estes traballos administrativos e que se procurou pórle a unha persoa.

Pregunta sobre a designación como delegado de protección de datos ao axente de emprego, e que debería levar nomes e apelidos.

Pregunta polo decreto 1201/2023 sobre a baixa no padrón de habitantes; e a señora alcaldesa responde que é un trámite que se confirma a través da policía local.

Pregunta polo decreto dunha solicitude de campamento turístico en Miraflores; e a señora alcaldesa di que a persoa requirida non presentou nada no concello, polo que se pecha o expediente.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas, e de todo o que eu como secretario accidental dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.